

A UNIÓN EUROPEA

En 1957, coa sinatura do Tratado de Roma, creouse a **Comunidade Económica Europea (CEE)** formada por Alemaña, Francia, Italia, Bélxica, Países Baixos e Luxemburgo.

O seu obxectivo era crear unha unión de alfándegas que permitise a libre circulación de mercadorías, persoas, capitais e servizos entre os países membros, así como a coordinación de políticas agrícolas, comerciais e de transportes comúns.

En 1987, coa Acta Única Europea, incorporouse o principio de cohesión económica e social para que fose posible un desenvolvemento equilibrado dos países membros. Iniciouse o período de auxe da política rexional solidaria, cada vez máis necesaria por mor da crecente incorporación de países á CEE.

En 1992, logo do Tratado de Maastricht, a CEE pasou a se denominar **Unión Europea (UE)**, e expuxo, como un dos seus obxectivos principais, facer realidade a unión monetaria.

Dende a creación da CEE, cos seus seis Estados fundadores, ata a actualidade, vinte e un países incorporáronse á Unión e consolidárona ata formaren a que é hoxe a **Europa dos Vinte e Sete**.



Hoxe o euro é a moeda oficial de dezasete dos vinte e sete países membros da Unión Europea.



A diversidade de países que integran a UE non impide levar a cabo políticas comúns.



As sesións plenarias do Parlamento Europeo teñen lugar na sede de Estrasburgo (Francia).

- Con que obxectivos se creou a CEE? Cales se foron incorporando?
- En que ano, e a través de que tratado, naceu a Unión Europea?
- Fíxate no mapa. Cando se incorporou España? Sabes por que non se puido integrar antes?

O proceso de creación da Unión Europea

1.1. A NECESIDADE DUN BLOQUE COMERCIAL EUROPEO

A creación dun **mercado común europeo** non era unha idea nova. Non obstante, as primeiras propostas viables plasmáronse no **Tratado de Roma**, asinado en 1957 por Alemaña, Francia, Italia, Bélxica, Países Baixos e Luxemburgo.

O Tratado de Roma prevía que a prosperidade da Comunidade Económica Europea (CEE) e, xa que logo, a súa **unidade política e económica**, ían depender dun mercado interior único. Para acadalo, a CEE estableceu unha serie de políticas concretas sobre a **libre circulación** de bens, servizos, persoas e capitais, e fomentou a **liberdade de competencia** e o desenvolvemento dunhas **leis comúns** polas que se gobernarían os Estados membros.

Antes da creación do mercado único europeo, os mercados nacionais non podían competir de xeito eficaz cos recursos e potenciais dalgúns países do mundo como EUA e Xapón.

Os Estados europeos, por exemplo, investían en investigación tanto como Xapón, con todo, como o facían de forma fragmentaria, malgastaban recursos e esforzos que impedían poñer en marcha proxectos de maior envergadura. Ademais, a fabricación e distribución dun novo produto complicábase ante os requisitos impostos pola diversidade de leis de cada país.

Só o reto de dispoñer dun mercado único de millóns de persoas permitiría a existencia de **economías de escala** na fabricación, na investigación e mais na innovación. Deste xeito haberíase de conseguir que os custos unitarios de produción diminuísen ao aumentar a cantidade total producida.

1.2. A UNIÓN EUROPEA

En 1992, co **Tratado da Unión Europea**, o espazo de libre circulación, sen fronteiras internas entre os Estados membros da UE, comezou a ser unha realidade.

Este Tratado, asinado en Maastricht, decidiu a unión monetaria, creou mecanismos de participación cidadá a través das eleccións ao Parlamento Europeo, estableceu novos dereitos para os cidadáns e cidadás, fixou políticas de solidariedade interna coas rexións menos desenvolvidas e presentou obxectivos para a política exterior e a defensa común.

Unha das iniciativas con efectos máis importantes foi a aprobación da **Unión Económica e Monetaria (UEM)**. A partir do 1 de xaneiro de 1999, o **euro** convertíase na moeda común para once dos quince Estados membros, aínda que non foi ata 2002 cando comezou a circular de forma efectiva.

Posteriormente, fóronse incorporando á UEM Grecia, Eslovenia, Chipre, Malta, Eslovaquia e Estonia. O euro elimina moitos obstáculos para a libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais.



Sinatura do Tratado de Roma, o 25 de marzo de 1957, no Capitolio romano. Así naceu a Comunidade Económica Europea (CEE).

SABÍAS QUE...

Un dos pasos máis importantes para a construción da Unión Europea foi o **Acordo de Schengen**, asinado no ano 1985 na cidade de Luxemburgo.

O devandito Acordo ten como obxectivo rematar cos controis fronteirizos entre os países que forman o espazo Schengen. Estes son: todos os membros da UE, agás Irlanda e Reino Unido, xunto con Suíza, Noruega, Liechtenstein e Islandia.



Acto simbólico de eliminar a fronteira entre Alemaña e a República Checa cando en 2007 nove Estados, a meirande parte da Europa do Leste, se uniron ao espazo Schengen.

A CONSTRUCCIÓN EUROPEA

1951 Francia, Alemaña (antiga RFA), Bélxica, Países Baixos, Italia e Luxemburgo asinan en París o tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA).

1957 Creación da Comunidade Económica Europea, coa sinatura de Francia, Bélxica, Luxemburgo, Países Baixos, Alemaña (RFA) e Italia do Tratado de Roma o 25 de marzo.

1973 O 1 de xaneiro intégranse na CEE Dinamarca, Irlanda e Reino Unido.

1981 Grecia incorpórase á Comunidade Económica Europea o 1 de xaneiro.

1986 España e Portugal intégranse na CEE o 1 de xaneiro. Este mesmo ano asínase a Acta Única Europea (que entra en vigor o 1 de xullo de 1987).

1992 En febreiro asínase o Tratado de Maastricht e a CEE pasa a denominarse Unión Europea. Establécese a moeda única para o 1 de xaneiro de 1999.

1995 Austria, Finlandia e Suecia incorpóranse á Unión Europea o 1 de xaneiro de 1995.

2002 O euro comeza a circular o 1 de xaneiro en Alemaña, Austria, Bélxica, España, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Luxemburgo, Países Baixos e Portugal.

2004 Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia e República Checa intégranse na Unión Europea o 1 de maio de 2004.

2007 Romanía e Bulgaria incorpóranse á Unión Europea o 1 de xaneiro de 2007. Eslovenia comeza a utilizar o euro como moeda propia.



2008 Chipre e Malta comezan a utilizar o euro como moeda propia.

2009 Eslovaquia incorpora o euro. Entra en vigor o Tratado de Lisboa, que modifica os de Roma e Maastricht.

2011 Estonia entra na zona euro o 1 de xaneiro de 2011.

- Cal foi o primeiro tratado europeo? Cando se asinou?
- Que países fundaron a Comunidade Económica Europea? Que outros países se integraron posteriormente á CEE? Cando?
- Que cambio se produciu na CEE despois de Maastricht?
- Indica que países entraron a formar parte da UE nas ampliacións de 1995, 2004 e 2007.

1.3. A UNIDADE DE EUROPA

Malia a súa diversidade, os países que compoñen a UE réxense por uns mesmos **valores fundamentais**: a paz, a democracia, o Estado de dereito e o respecto dos dereitos humanos. Todos eles tratan de promover estes valores, ser prósperos e compartir esa prosperidade, e exercer unha influencia colectiva na escena mundial.

Durante medio século, a UE aumentou o nivel de vida dos seus cidadáns e cidadás ata cotas sen precedentes. Creou un mercado común sen fronteiras interiores e unha moeda única, o euro. A Unión Europea é unha **gran potencia económica** e o líder mundial en axuda ao desenvolvemento.

Se ben se pode considerar un éxito a consolidación do mercado comercial unificado, noutros aspectos tales como a política exterior, a defensa ou mesmo os aspectos sociais e culturais, como o sentimento dos cidadáns de pertenza á UE, as **debilidades** son aínda moi significativas e estase lonxe de conseguir un funcionamento óptimo e común.

SINTETIZA

1. En que momento se comezou a crear un mercado común europeo?
2. Que estableceu a Comunidade Económica Europea para crear un mercado interior único?
3. En que se diferenciaban os mercados nacionais europeos, antes da creación do mercado común, dos de EUA e Xapón?
4. Indica as vantaxes que ten o desenvolvemento dun mercado común europeo.
5. Como repercutiu na economía europea a posta en circulación do euro?
6. Sinala algún éxito da UE e algún tema pendente de mellora.

2 A Unión Europea

2.1. OBXECTIVOS DA UNIÓN EUROPEA

A Unión Europea organiza de maneira solidaria e coherente as relacións entre os Estados que a forman.

Os obxectivos básicos da UE son:

- O **impulso do progreso económico e social**: inténtase levar a cabo mediante o establecemento dun espazo de libre circulación ou mercado único, desde 1992; mediante a implantación da moeda única, a partir de 1999; e destinando recursos á investigación, á formación e á creación de emprego.
- A **afirmación da identidade europea no ámbito internacional**: o impulso de axudas humanitarias a países extracomunitarios (non pertencentes á UE) e a participación na solución de problemas internacionais, co obxectivo de estender a paz e mais a prosperidade da UE ao resto do mundo.
- A **implantación dunha cidadanía europea**: supón establecer dereitos e deberes comúns para todos os cidadáns e cidadás da UE.
- O **desenvolvemento dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza**: garante que todos os cidadáns e cidadás da UE poidan circular libremente polos Estados membros, e implica tamén loitar contra a delincuencia e o terrorismo.
- O **mantemento e o desenvolvemento do sentido comunitario**, mediante leis e normas comúns en todos os Estados da UE.

2.2. A UNIÓN EUROPEA E A HETEROXENEIDADE

A Unión Europea, malia a unificación e integración, é un **conxunto heteroxéneo de Estados**.

A heteroxeneidade maniféstase tanto nos seus **niveis de desenvolvemento** como na súa **diversidade cultural**, que se expresa, por exemplo, na variedade lingüística dos países membros da Unión. Estas diferenzas sociais e económicas danse, non só entre Estados, senón tamén entre as rexións dun mesmo Estado.

Coa entrada en vigor do Tratado da Unión Europea fíxose máis urxente a necesidade de **reducir as disparidades rexionais**, xa que se teme que a liberalización económica acentúe as desigualdades no canto de asegurar un desenvolvemento equilibrado.

Ademais, para algúns habitantes da Unión Europea, como por exemplo os de Reino Unido, a integración na UE é vista como unha ameaza para a súa **identidade nacional**. Malia iso, semella posible avanzar na unidade mantendo as identidades de seu de cada país.

O APOIO DA OPINIÓN PÚBLICA Á UE

O apoio da opinión pública á UE varía entre os distintos países e cambia co tempo. Segundo as enquisas que realiza o Eurobarómetro, a conformidade coa pertenza á UE é menor nos países prósperos que se incorporaron á Unión hai relativamente pouco tempo (Austria, Finlandia, Suecia) e no Reino Unido, que conta cunha prensa especialmente escéptica coa UE.

Pola contra, o apoio máis forte dáo Luxemburgo, membro orixinario cun alto nivel de vida. E o mesmo acontece entre a maioría de países incorporados á UE desde 2004, que consideran que isto estabilizará a súa economía e mais a súa política. No entanto, a crise mundial que afecta o continente europeo desde 2008 reduciu a percepción positiva de pertencer á UE en todos os países, sobre todo nos máis afectados pola crise, como Grecia, onde caeu case 20 puntos.

PERCEPCIÓN DA PERTENZA Á UE¹ EN 2010

países	positiva (%)	negativa (%)
Alemaña	50	20
Austria	36	23
Bélxica	64	12
Bulgaria	47	8
Chipre	33	29
Dinamarca	66	12
Eslovaquia	59	7
Eslovenia	39	16
España	59	12
Estonia	52	7
Finlandia	45	23
Francia	44	24
Grecia	44	21
Hungría	38	15
Irlanda	66	10
Italia	48	17
Letonia	26	19
Lituania	48	14
Luxemburgo	70	12
Malta	47	21
Países Baixos	69	11
Polonia	62	8
Portugal	43	21
Reino Unido	29	33
Romanía	55	11
Suecia	54	20
República Checa	31	16

1. Non se inclúen respostas indefinidas.

2.3. UNHA POLÍTICA REXIONAL SOLIDARIA

Para poder corrixir os desequilibrios dentro dos países da UE, actualmente existe unha **política económica rexional** á que se lle dedica máis dun terzo do orzamento comunitario.

Esta política económica baséase no desenvolvemento dos **fondos estruturais** e dos **fondos de cohesión**, que son partidas do orzamento europeo que se destinan, entre outros, aos seguintes fins:

- Concesión de préstamos para realizar investimentos nas rexións máis pobres.
- Creación de infraestruturas de transporte e para a subministración de enerxía.
- Realización de obras públicas para a solución de problemas do medio natural e para a asistencia técnica en xeral.
- Desenvolvemento de políticas comúns nos ámbitos cultural, educativo, da problemática xuvenil, etc.
- Creación de postos de traballo.
- Concesión de préstamos e subvencións coa finalidade de axudar a manter os sectores agrícola e pesqueiro comunitarios.



Co establecemento da Unión Económica e Monetaria europea elimináronse de xeito definitivo os custosos trámites de alfándegas entre os distintos países da Unión.

2.4. A AMPLIACIÓN DA UNIÓN EUROPEA

O proceso de ampliación da Unión Europea, coa incorporación de diversos Estados nos anos 2004 e 2007, puxo de manifesto a existencia dunha serie de **desequilibrios** entre os novos e os antigos membros. Os países que se foron incorporando á UE nos últimos anos teñen un **grao de desenvolvemento moi distinto** ao dos antigos integrantes, tanto desde o punto de vista social, coma político, económico, etc.

Por exemplo, en Polonia, un dos novos Estados con maior poboación (38 millóns), preto do 14 % da poboación activa está ocupada na agricultura; no entanto, este sector tan só lle achega un 4 % ao PIB do país. Outro dato significativo deste país é que unicamente inviste o 0,6 % do PIB en I+D, fronte ao 3 % de Dinamarca, por exemplo.

Por ese motivo, preténdese reducir diferenzas destinando unha parte importante dos **fondos comunitarios** a estes novos Estados membros.

Ademais, os países candidatos a se integraren na UE nun futuro máis ou menos inmediato, como Croacia ou Turquía, manteñen tamén niveis de desenvolvemento moito menores, de xeito que tamén estes países se converteron en destinatarios preferentes de axudas procedentes da UE.

PIB POR HABITANTE DALGÚNS PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA EN 2009



1. Observa o gráfico e explica por que dicimos que a UE é un conxunto heteroxéneo.

SINTETIZA

2. Nomea os obxectivos básicos da Unión Europea.
3. En que se basea a política rexional da UE? A que se destinan os fondos estruturais e mais os fondos de cohesión?
4. Que supuxo a ampliación da UE?

3 As institucións da Unión Europea

A Unión Europea está formada por unha serie de **organizacións supranacionais**, isto é, diversas institucións que se atopan por enriba dos Estados e das que forman parte representantes dos devanditos Estados.

Co fin de poder garantir un funcionamento máis eficaz entre os países membros, a estrutura institucional da UE foi modificada polo **Tratado de Lisboa** (2007). A continuación imos coñecer as institucións europeas máis importantes.

3.1. O CONSELLO EUROPEO

O Consello Europeo está composto polos xefes de Estado ou de Goberno dos Estados membros, e mais o seu Presidente e o Presidente da Comisión Europea. É o máximo órgano político da UE e encárgase de definir as **orientacións xerais** de actuación e de desenvolvemento.

3.2. O CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA *ou de ministros*

O Consello representa os Gobernos dos Estados membros. En ocasións é chamado tamén **Consello de Ministros**, porque está formado por un ministro de cada país, que varía en función dos temas que haxa que tratar. A súa presidencia é rotativa e muda cada seis meses.

No Consello tómanse as decisións máis importantes e coordínanse as **actuacións dos distintos Estados da UE**. As decisións tómanse por unanimidade ou por maioría. O número de votos de cada Estado depende do número de habitantes do país.

3.3. O PARLAMENTO EUROPEO

O Parlamento Europeo é elixido por **sufrexio universal**, pois representa os cidadáns de Europa. Cada Estado escolle os seus eurodeputados, isto é, os seus representantes ao Parlamento Europeo. Estes organízanse en grupos políticos, segundo os partidos que representan.






O Parlamento exerce a **función legislativa**, isto é, pode crear e reformar leis; e **aproba os orzamentos da UE**. Organízase en comisións para traballar temas concretos e controla o Consello da Unión Europea e a Comisión Europea.

3.4. A COMISIÓN EUROPEA

A Comisión Europea exerce a **función executiva**.¹ Garante o cumprimento das normativas europeas,² propón os textos de lei que se presentan ao Parlamento e ao Consello da UE,³ controla o cumprimento dos acordos e tratados e elabora os orzamentos para o Parlamento e o Consello.⁴

A Comisión fórmala o Presidente e os Comisarios, elixidos polos Estados membros para un mandato de catro anos.


COMISIÓN E SUBCOMISIÓN PERMANENTES DO PARLAMENTO EUROPEO

 Asuntos Exteriores	 Subcomisión de Seguridade e Defensa	 Desenvolvemento
 Comercio Internacional	 Orzamentos	 Control Orzamentario
 Asuntos Económicos e Monetarios	 Emprego e Asuntos Sociais	 Ambiente, Saúde Pública e Seguridade Alimentaria
 Industria, Investigación e Enerxía	 Mercado Interior e Protección do Consumidor	 Transportes e Turismo
 Desenvolvemento Rexional	 Agricultura e Desenvolvemento Rural	 Pesca
 Cultura e Educación	 Asuntos Xurídicos	 Liberdades Cívicas, Xustiza e Asuntos de Interior
 Asuntos Constitucionais	 Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero	 Peticións

O Parlamento Europeo nomea diversas comisións (permanentes, especiais e de investigación) que estudan, recomentan e informan sobre as políticas para seguir antes de seren discutidas no Parlamento.

1. Elixir unha das comisións que aparecen neste esquema e busca información na Internet sobre os aspectos que trata.

INSTITUCIÓNS DA UNIÓN EUROPEA



2. Que institucións da Unión Europea teñen unha meirande capacidade de decisión?

3. Cales son os organismos sobre os que exerce o seu control o Parlamento Europeo?

Zon@web

Para saberes máis sobre as institucións europeas.

www.vicensvives.net/zonaweb

5a

3.5. O TRIBUNAL DE XUSTIZA

O Tribunal de Xustiza foi creado en 1952 a partir do tratado constitutivo da CEEA e ten a súa sede en Luxemburgo.

O Tribunal exerce a **función xudicial**. Garante o respecto, a interpretación e o cumprimento das leis comunitarias en todos os países da UE, para asegurar que a lei sexa igual para todos. Está formado por un xuíz de cada país membro, que se renova cada cinco anos. Este Tribunal atende os cidadáns e institucións comunitarias que o necesitan.



Os gobernos das Comunidades Autónomas españolas están representados no Comité das Rexións polos presidentes autonómicos.

3.6. O DEFENSOR DO POBO EUROPEO

O Defensor do Pobo Europeo pode ser **consultado polos cidadáns e cidadás** dos Estados membros se consideran que foron tratados inxustamente por algunha institución da Unión Europea.

O cargo de Defensor do Pobo Europeo é elixido polo Parlamento por un mandato de cinco anos.

3.7. OUTRAS INSTITUCIÓNS

Outras institucións da UE son o **Banco Central Europeo**, que xestiona o euro e a política monetaria da UE, e o **Tribunal de Contas**, encargado de controlar os gastos da Unión.

Tamén pertencen á UE o **Comité das Rexións**, que representa as autoridades locais e rexionais; o **Banco Europeo de Investimentos**, órgano que financia o desenvolvemento dos sectores económicos comunitarios que o precisan; e o **Comité Económico e Social**, representante da sociedade civil organizada (sindicatos, empresarios, consumidores, etc.).

SINTETIZA

4. Quen integran o Consello Europeo? De que se encarga esta institución?

5. Que función desempeña o Consello da Unión Europea?

6. Como son elixidos os membros do Parlamento Europeo? Cales son as principais funcións que realiza este organismo?

7. Que funcións ten a Comisión Europea?

8. Quen forman o Tribunal de Xustiza? Que garante este Tribunal?